

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*RESOLUCIÓN do 25 de maio de 2016 pola que se redistribúen e minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidos na Resolución do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.*

Mediante a Resolución do 23 de decembro de 2015 que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 248, do 30 de decembro, establecéronse as bases reguladoras e convocáronse subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos comunitarios derivados do programa Galicia 2014-2020 Feder nun 80 %.

No transcurso do procedemento administrativo de concesión das axudas, cando xa rematou o prazo de presentación de solicitudes (18.2.2016), nalgunha das epígrafes o número de solicitantes é inferior ao agardado, mentres que noutros o volume de axuda solicitada superou a dispoñibilidade orzamentaria, cómpre facer unha redistribución de fondos entre as distintas epígrafes e liberar o crédito orzamentario sobrante que resultaría de atender todas as solicitudes.

De acordo co disposto no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), cando a contía total máxima das subvencións convocadas se distribúa entre distintos créditos orzamentarios, a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

Por todo o anterior, coa finalidade de incrementar a eficacia administrativa e a eficiencia na asignación de recurso públicos, maximizando o impulso das enerxías renovables atendendo a totalidade das solicitudes en cada unha das epígrafes da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar o crédito destinado ás subvencións para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desen-



volveremento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, que se redistribúe do seguinte xeito:

Axudas á instalación de equipamentos térmicos de biomasa

Beneficiarios	Dotación orzamentaria		
	Importe inicial	Modificación	Importe final
Administración pública autonómica	562.999,97	-212.999,97	350.000,00
Administración pública local	1.570.473,78	1.029.526,22	2.600.000,00
Empresas e autónomos	2.844.631,66	-1.044.631,66	1.800.000,00
Institucións sen ánimo de lucro	445.320,59	-295.320,59	150.000,00
Total	5.423.426,00	-523.426,00	4.900.000,00

Segundo. A presente modificación, unha vez publicada no *Diario Oficial de Galicia*, non implicará apertura de prazo para presentar novas solicitudes.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2016

Ángel Bernardo Tahoces  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

